

RESOLUCIÓN DE ADJUDICACIÓN DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

EXPEDIENTE PTG 1/2024

Contratación dun servizo de consultaría, execución e desenvolvemento do programa de aceleración para a internacionalización de pemes “Galicia Avanza” para as convocatorias 2024 e 2025.

Mesa de contratación:

Presidente: Javier Taibo Gallego, Director Xerente de Parque Tecnológico de Galicia S.A.

Presidenta suplente: Sabela Bouzo Estévez, técnica do Departamento de Proxectos de PTG

Secretaria: María Luísa Pena Nieto, Directora do Departamento de Administración e Finanzas de PTG.

Secretaria suplente: María Isabel Soto Amigo, persoal do Departamento de Administración e Finanzas de PTG.

Vogais:

- Noemí Lorenzo Carbajales, técnica do Departamento de Administración e Finanzas de PTG.

- Benito Fernández Rodríguez, Director da Área de Xestión da Axencia Galega de Innovación.

- Laura María González-Dopeso Portela, Subdirectora de Internacionalización do Instituto Galego de Promoción Económica.

Vogais suplentes: Antonio Gómez Méndez, responsable do Departamento de Servizos Xerais de PTG, Francisco José Dopazo Batalla, xefe do Departamento de Xestión Financeira e Contratación da Axencia Galega de Innovación e Augusto Álvarez-Borrás Massó, Director Área de Internacionalización do Instituto Galego de Promoción Económica.

Características do procedemento:

Procedemento de adjudicación: aberto

Contrato suxeito a regulación harmonizada

Data de publicación do anuncio na PCPG: 29/02/2024

Data de publicación do anuncio no DOUE: 29/02/2024

Data de apertura pública das proposicións técnicas, sobre B: 05/04/2024

Data de apertura pública das proposicións económicas, sobre C: 02/05/2024

Primeiro.- OFERTAS PRESENTADAS

Presentáronse en prazo seis propostas das seguintes entidades:

- UTE VALORA – AUDICON (VALORA CONSULTORE DE GESTIÓN , S.L. + AUDITORES, CONSULTORES Y EXPERTOS INDEPENDIENTES SLP)
- UTE SF IETEM GALICIA (97 S&F S.L. + IETEM GROUP S.L.)
- ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN S.A.
- KPMG ASESORES S.L.
- DIRECCIÓN POR IMPLICACIÓN, S.L.
- UTE P&L GLOBAL – ESKZ GLOBAL S.L. (P&L GLOBAL SL + ESKZ GLOBAL SL)

As ofertas recibidas foron presentada a través do Sistema de Licitación Electrónico (SILEX).

A Mesa acordou admitir inicialmente as seis propostas presentadas, pero na revisión da oferta técnica o comité de expertos detectou que o licitador ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN S.A. incorreu en contradicións na oferta presentada entre o declarado no sobre A e o manifestado na oferta técnica, polo que o órgano de contratación resolveu a exclusión deste licitador trala proposta presentada pola Mesa de contratación.

Segundo.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS OFERTAS ADMITIDAS

O prego fai referencia aos criterios de adxudicación de forma resumida no punto 7 do “Cadro de características do contrato”, tal e como se transcribe a continuación:

- 1. CRITERIOS QUE DEPENDEN DUN XUÍZO DE VALOR (de 0 a 60 puntos):** supoñen un peso do 60% na valoración total e valorarase de acordo co seguinte criterio:

- **Calidade da oferta técnica** elaborada de acordo co especificado no Prego de Prescricións Técnicas onde aparecerá acreditado o dominio conceptual, metodolóxico e técnico adecuado para a execución do contrato e reflectirá a capacidade técnica e requisitos necesarios para dar o servizo segundo o desenvolvemento previsto (máximo 60 puntos).

Esíxese un mínimo de 40 puntos a alcanzar neste criterio, por baixo do cal se considerará que as ofertas non reúnen os requisitos mínimos e por tanto serán descartadas e excluídas do procedemento de adxudicación.

A valoración e ponderación deste criterio de adxudicación (calidade da oferta técnica) realizarase atendendo aos seguintes aspectos (subcriterios de valoración), outorgando a puntuación máxima en cada subcriterio ao licitador que presente a mellor oferta e ao resto de forma proporcional:

1.1. Modelo organizativo e de xestión do proxecto (máximo 42 puntos):

1.1.1. Composición do equipo de traballo (máximo 21 puntos). Valorándose sobre os mínimos esixidos que se recollen na cláusula 10 “Capacidade e solvencia das empresas” aqueles aspectos adicionais relativos a:

- titulación e formación dos titores compoñentes do equipo de traballo que teñan relación cos obxectivos do Programa. (máximo 5 puntos).

- experiencia dos compoñentes do equipo de traballo en áreas relacionadas cos obxectivos do Programa (máximo 5 puntos).

- experiencia dos compoñentes do equipo de traballo co ecosistema galego de innovación (máximo 2 puntos).

- experiencia do equipo de traballo adscrito ao contrato en programas de aceleración en internacionalización de empresas consolidadas que inclúan itinerarios personalizados. Enténdese que unha empresa está consolidada cando está a vender o seu produto ou servizo no mercado desde hai polo menos dous anos (máximo 9 puntos).

1.1.2. Organización do equipo de traballo (máximo 13 puntos). Valorándose aqueles aspectos relativos a:

- Grao de dispoñibilidade e dedicación atribuída ao equipo de traballo (máximo 5 puntos).

- Estabilidade no emprego. Valorarase que o perfil de director e o de coordinador estean desempeñados por persoas que formen parte do persoal da empresa licitadora mediante contrato laboral de carácter indefinido e cunha antigüidade mínima de 2 anos na empresa (máximo 3 puntos).

- Incorporación de medidas de flexibilidade espacial, tales como o teletraballo, ou de flexibilidade na organización do tempo de traballo, melloras dos permisos legalmente establecidos ou beneficios sociais para a atención das responsabilidades familiares que se aplicarán na execución do contrato. Para a valoración deste criterio terá que existir na empresa un plan de igualdade ou de conciliación no que deberán estar reflectidas as medidas concretas anteriormente citadas (máximo 5 puntos).

1.1.3. Calidade dos perfís dos mentores propostos no panel de expertos (máximo 8 puntos).

- Especialización en áreas relacionadas cos obxectivos do Programa e experiencia en internacionalización (máximo 6 puntos).
- Como medida de igualdade de xénero, valorarase a inclusión de mulleres no panel de expertos (máximo 2 puntos).

1.2. Metodoloxía utilizada para o desenvolvemento do traballo (máximo 18 puntos):

1.2.1. Estrutura e planificación das tarefas para realizar por cada actividade definida no Prego de Prescricións Técnicas. Valorarase o plan de traballo proposto conforme á súa viabilidade, claridade e á adecuación da asignación de recursos humanos e materiais a cada tarefa (máximo 8 puntos).

1.2.2. Metodoloxía de execución global e específica para cada unha das actividades asociadas ao servizo. Terase en conta o método de traballo proposto, a definición do seu alcance, os resultados para obter, os entregables previstos e o

método de avaliación, especialmente nas actividades de diagnóstico previo e deseño de itinerarios personalizados de aceleración. (máximo 10 puntos).

2. CRITERIOS QUE NON DEPENDEN DUN XUÍZO DE VALOR (de 0 a 40 puntos): supón un peso do 40% na valoración total e valorarase de acordo co seguinte criterio:

- Valoración económica (máximo 40 puntos)

Valoraranse as ofertas mediante a seguinte fórmula:

$$\text{Puntos a} = 40 * (1/n^{\circ}\text{of}) * [(Pb/Pa) + ((n^{\circ}\text{of}-1) * (Ba/Bm))]$$

Sendo:

Puntos a = puntuación valoración económica da oferta "a"

N^oof = número de ofertas presentadas

Pb = prezo da oferta máis baixa (sen IVE)

Pa = prezo da oferta "a" (sen IVE)

Ba = baixa da oferta "a"

Bm = baixa máxima realizada pola mellor oferta

Pm = orzamento base máximo de licitación (sen IVE)

Forma de calcular a baixa de cada oferta:

$$Ba = (Pm - Pa) / Pm$$

Quedarán excluídas do procedemento de adxudicación aquelas ofertas que superen o orzamento base máximo de licitación.

Terceiro.- VALORACIÓN DAS OFERTAS ADMITIDAS

Puntuación acadada polos licitadores nos criterios que dependen dun xuízo de valor:

A valoración destes criterios estivo a cargo dun comité de expertos nomeado polo órgano de contratación sendo os seus membros os seguintes:

- Beatriz Monfort Liniers (Parque Tecnológico de Galicia S.A.)
- Elena Polo Prieto (Axencia Galega de Innovación)
- Ruth Beatriz Pereira Rodríguez (Instituto Galego de Promoción Económica)

A mesa de contratación acordou por unanimidade aceptar a valoración proposta no informe do comité técnico. O cadro resumo de puntuacións é o que se transcribe a continuación e onde aparecen os subcriterios seguindo a mesma orde que consta no cadro de características do Prego:

| Nome do licitador | Puntuación | Puntuación | Puntuación |
|----------------------------------|------------------|------------------|----------------------|
| | Subcriterio 1.1. | Subcriterio 1.2. | total oferta técnica |
| UTE VALORA-AUDICON | 24 | 8 | 32 |
| UTE SF-IETEAM | 30 | 15 | 45 |
| UTE P&L-ESKZ | 11 | 2 | 13 |
| KPMG | 17 | 16 | 33 |
| DIRECCIÓN POR IMPLICACIÓN | 41 | 18 | 59 |

Decídese excluír do procedemento de adjudicación aos licitadores UTE VALORA – AUDICON, UTE P&L – ESKZ e KPMG ASESORES S.L por non acadar a puntuación mínima na oferta técnica.

Puntuación acadada polos licitadores nos criterios que non dependen dun xuízo de valor:

- Valoración oferta económica:

Tendo en conta o establecido no Prego a puntuación que lle corresponde á cada proposta presentada e admitida é a seguinte:

Valoración económica das ofertas:

| Nome do licitador | Oferta económica (€ sen IVE) | Resultado fórmula |
|----------------------------------|---------------------------------|-------------------|
| UTE SF-IETEAM | 301.438,50 | 32,26 |
| DIRECCIÓN POR IMPLICACIÓN | 265.012,00 | 40 |

Puntuación total acadada polos licitadores por orde decrente:

| Nome do licitador | Punt. Sobre B | Punt. Sobre C | Total |
|----------------------------------|---------------|---------------|--------------|
| DIRECCIÓN POR IMPLICACIÓN | 59 | 40 | 99 |
| UTE SF-IETEAM | 45 | 32,26 | 77,26 |

Cuarto.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN.

A Mesa de Contratación, examinadas todas as ofertas e baseándose nos criterios de valoración mencionados, presentou proposta de resolución a favor de DIRECCIÓN POR IMPLICACIÓN, S.L. por ter acadado máis puntuación.

Quinto.-

En data 6 de maio de 2024 o licitador DIRECCIÓN POR IMPLICACIÓN S.L. recibiu a comunicación da proposta de resolución de adxudicación ao seu favor e déuselle o prazo de 10 días hábiles para aportar a documentación establecida nos Pregos.

Dentro do prazo estipulado a empresa procedeu a entregar a documentación requirida na comunicación de proposta de adxudicación.

En base a todo o anterior, o Órgano de Contratación,

RESOLVE:

- 1) Adxudicar á empresa **DIRECCIÓN POR IMPLICACIÓN S.L.** a **“Contratación do servizo de consultaría, execución e desenvolvemento do programa de aceleración para a internacionalización de pemes “Galicia Avanza” n° expediente PTG 1/2024,** conforme á súa oferta técnica e económica, por un importe de **265.012 €** (IVE non incluído), con suxección ás condicións do Prego de Cláusulas Particulares e do Prego de Prescricións Técnicas que rexen a presente contratación.
- 2) Publicar esta adxudicación no Perfil do Contratante na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia e notificar esta adxudicación á empresa adxudicataria e aos licitadores.
- 3) Formalizar o correspondente contrato dentro dos prazos establecidos, logo da notificación desta resolución aos licitadores.

En San Cibrao das Viñas, na data da sinatura dixital.

O DOCUMENTO ORIXINAL ESTÁ ASINADO DIXITALMENTE EN DATA 21/05/2024

Asdo. José Ramón Pardo Cabarcos

Representante do órgano de contratación de Parque Tecnolóxico de Galicia S.A.